

"O SAPOCONCHO"



CETP GANDARASOPAN  
CURSO 2014-2015

The page is framed by a decorative border of cartoon snails. Each snail is brown with a smiling face, green antennae, and green feet. They are arranged in a repeating pattern along the top, bottom, and sides of the page.

## EDITORIAL

*Queridos/as lectores/as da revista "O Sapoconcho"... que rápido pasou este curso, verdade??*

*Estamos en xuño do 2015 e chegou a hora de presentarvos un novo número da revista escolar do noso centro, do C·E·I·P· Gándara-Sofán.*

*Presentámola con toda a nosa ilusión e pese a que os encargados de montala e facela chegar ás vosas casas son os membros do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro, nada sería posible sen a colaboración e dedicación de todos e cada unha dos nenos e nenas do colexio.*

*Así mesmo, debemos facer unha especial mención ao profesorado do centro que, como cada ano, son os responsables de que o alumnado viva e disfrute con todas e cada unha das actividades que se fan dentro e fóra do centro. Son vivencias que se ofrecen aos nenos/as e que ademais de axudar a enriquecer esta revista, enriquecen persoalmente a cada un dos cativos/as.*

*Finalmente, non queremos deixar pasar a oportunidade de agradecer, un anos máis, a gran colaboración das familias en todo o que lles foi solicitado.*

*Esperamos que disfrutedes da revista deste ano tanto como nós o fixemos durante a súa elaboración e ao longo de todo o curso no que vivimos as experiencias que nela vos contamos.*

*Un saúdo!*

*Equipo de Dinamización da Lingua Galega*



# Biblioteca Sapoconcho

Ola a todos/as!

Como xa sabedes, son o Sapoconcho Moncho, a mascota da biblioteca. Vovos recordar algunhas das actividades que nos axudastes a realizar ao longo deste curso.




Cando comezamos, na entrada do cole tivemos unha exposición sobre ciencia na que poidestes ver tanto libros novos coma algún que outro útil de laboratorio. O proxecto deste ano levaba por título *Xogando a ConCienciArte* e del saíron a maior parte das actividades realizadas.

Da man dos profesionais de *Ciencia en Ruta* tivemos a oportunidade de realizar dous obradoiros no noso centro; un no que nos ensinaron a facer Cohetes e outro sobre a Dixestión. Pasámolo moi ben e aprendemos moito!



Durante algúns meses estivemos buscando e facendo diversos experimentos nas nosas aulas para, posteriormente, mostrarllos aos nosos compañeiros nunha *Rolda de experimentos*, rolda que se levou a cabo nas sesións de Animación á lectura. Todos estivemos moi orgullosos das nosas experiencias e, con todo o que traballamos, a estas alturas do curso xa nos sentiamos uns "expertos científicos" polo que elaboramos o noso propio *Manual de experimentos*.





Durante a **Semana do Libro**, unha das actividades que máis nos sorprendeu e que máis éxito tivo foi *E ti, onde les?* na que lles pedimos aos nosos alumnos que trouxeran algunha foto na que estiveran lendo nalgunha situación graciosa e pouco habitual. Sabiamos que era unha actividade que comprometía tempo e ganas pero, coa axuda das familias, o resultado foi un éxito e os nosos alumnos non deixan de pararse diante da exposición para buscar a súa fotografía ou sorprenderse coa dalgún compañeiro/a.



Coa colaboración da profe de música, o **23 de abril** (Día Internacional do Libro) xuntámonos todos para cantar a canción "Imos cantar un conto" e como nos gusta tanto cantar e bailar rematamos cantando a canción do curso pasado.





Enmarcadas tamén na Semana do Libro recibimos as visitas de Héctor Lorenzo e Jorge Mira.



Héctor Lorenzo conseguiu que o acompañáramos recitando os poemas de Raúl G. Pato ao son da música da súa guitarra. Foi un espectáculo poético-musical que nos encantou!

Jorge Mira veunos visitar para achegarnos un pouco máis a ciencia á escola porque tiñamos a ilusión de que nos chegara da man dun "científico de verdade". Tivemos a oportunidade de ser periodistas, xa que os alumnos/as de 6º EP estiveron con el para facerlle unha entrevista que podeses ler nas páxinas desta revista , fomos partícipes de moitos dos seus experimentos e quedamos abraiados con moitas das curiosidades que nos contou. E por certo, dicir tamén que Jorge levou unha grata sorpresa ao ver un gran mural feito polos alumnos do noso cole xa que, previamente, estiveramos traballando sobre a figura de Jorge Mira



Ademais de traballar cos alumnos/as, Jorge pasou unhas horas cos profes do cole nas que lles mostrou diversas estratexias para mellorar a capacidade de cálculo, técnicas de lectura rápida e o poder da memoria adestrada. Din que o pasaron moi ben e que





aprenderon moito dun gran científico coma el! Ao igual que os peques, eles tampouco perderon a oportunidade de fotografiarse con el.



Dado que tamén traballamos e estudamos sobre **Mulleres Científicas** (con motivo do Día da Muller) aproveitamos as nosas actividades para facer un gran mural que se expuxo na Semana do Libro. Algúns grupos tamén se animaron a presentar á científica sobre a que traballaron ao resto dos compañeiros do cole facendo pequenas dramatizacións.



E un ano máis, participamos na **Semana do Libro do Concello de Carballo**. Este ano levaba por título **Ciencia e Ficción** polo que, poidemos presentarlles, parte dos nosos traballos ademais de asistir a diversas actividades que nos propuxeron.

No centro recibimos tamén obradoiros de monicreques, contacontos, participamos no horto escolar,... e tanto para estas actividades como para a celebración do Samaín, Día da Paz, Letras galegas,... traballamos conxuntamente co Equipo de Dinamización da Lingua e con tódolos membros da comunidade educativa (mestres, alumnos, conserxe, familias,...).

Se tedes curiosidade e queredes ver máis podedes visitar o noso blog:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipgandarasofan/blogdebiblioteca>

Moitas grazas aos alumnos/as, profes, familias,...porque sen eles, nada disto sería posible.





## QUE NON É UN ABURRIMENTO A ESCOLA !!!

Neste curso de 4º veu un compañeiro chamado Jorge (é un neno moi divertido e agradable), varios profesores novos: Silvia, Vicky, Noelia, Ana, Mª José e un conserxe, chamado Álvaro, que substituíu a David 15 días.

Tivemos momentos fáciles e outros duros, pasamos temporais e a escola seguimos vindo, rímonos xuntos e pasamos momentos agradables. Non a todos se lles daba ben todo, aprendemos cousas bastante difíciles e traballamos moito. Tamén houbo momentos amenos e coñazos de todo tipo, castigáronnos varias veces pero o sorriso non o perdemos.

Ao longo do curso fixemos moitas actividades:

- As saídas foron o mellor e o máis divertido. Fomos a:

- A Santiago, visitamos Meteogalicia e o MUPEGA.
- Fixemos un roteiro ornitolóxico en Baldaio con monitores de Senda Nova. Observamos varios tipos de aves. Aprendemos a diferenciar varios tipos de gaviotas (a patiamarela, a escura, a chorona...)
- Fomos varias veces ao Pazo da cultura a ver obras de teatro. Aínda que este ano, aos de 4º; non nos invitaron a visitar o Salón do Libro.



- Fomos a Muros, visitamos o Muíño de marea, a lonxa, invitáronnos a xantar, vimos como os mariñeiros arraxaban as redes, como botan o xeo nas caixas de peixe ...



- Imos ir ao parque zoolóxico de Marcelle e esperamos pasalo moi ben.
- Participamos en varios proxectos:
- "ConcienciArte" no que fixemos varios experimentos divertidos (un volcán submarino, un de electricidade estática, un de cromatoloxía, demostramos que a la é illante, o ciclo da auga e un de forzas centrífugas). Ademais tamén coñecemos varias científicas, nos buscamos información sobre Rachel Carson.





- Aliméntate Ben", cos monitores de "O sabor da ventura está no mar" aprendemos moitas cousas sobre as vantaxes de comer peixe e leváronnos a Muros.

Este curso volvemos ter "Froita na escola" durante 4 semanas.

Pouco a pouco aprendemos a levar unha vida máis saudable.

- Traballo no invernadoiro, achanzamos a terra que estaba moi dura, trouxemos botellas de auga de 1,5L e fixemos un cacho da parede con elas.



- Recibimos a visita de:

- Félix Fernández que nos converteu en artistas por un día.
- O monitor do obradoiro "Ciencia en ruta" co que fixemos e lanzamos cohetes!!!
- O apalpador, este ano a maxia do Nadal baixou das montañas.
- Monitores de Sogama, cos que aprendemos moito sobre reciclaxe.
- Héctor Lorenzo que nos cantou uns poemas musicados.

- Jorge Mira que incríbles.



fixo uns experimentos  
É UN CIENTÍFICO!!!

- Evaristo, o avó dunha compañeira do colexio, que nos ensinou moitas cousas sobre a gaita e tamén tocou unhas cancións galegas.

- Celebramos todas as festiñas: Samaín, Magosto, Nadal, Día a Paz, Entroido (disfrazámonos de Bollywood), Enterro da sardiña, Letras Galegas...



- Levamos dúas veces a mochila viaxeira coas que lemos moito e pasámolo ben coa familia.







- Participamos nunha carreira solidaria para colaborar coa ONG "SAVE THE CHILDREN".



Invitámosvos a visitar o noso blog e ver moitas das actividades que fixemos :

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipgandarasofan/blogdesegundociclo>





## O BRADOIRO DE TÍTERES

O 23 de abril día do libro, lleunos  
visitar Luis e a explicáronos como se pode  
reutilizar a roupa que non usamos.

Despois de explicalo fixemos uns  
títeres con calcetins, recortamos a boca  
e os ollos con papel, pintámoles e  
pegámoles. A continuación fixemos  
un teatro entre todos e ao rematar  
fixemos unha foto todos xuntos.

Julián 2ºE fr





# ACTIVIDADES DOS NENOS/AS DE 4º E.i.

AS NENAS E NENOS DE 3 ANOS COMEZAMOS ESTE CURSO A ANDAINA POLO COLEXIO PARTICIPANDO EN MOITAS ACTIVIDADES.

NO MAGOSTO



NO SAMAÍN



CARREIRA SOLIDARIA



CONTACONTOS



DÍA DA PAZ



DÍA DO LIBRO





A VISITA DE JORGE MIRA

MARISCANDO



TAMÉN TRABALLAMOS NO 1º TRIMESTRE O PROXECTO DOS LOBOS, ONDE APRENDEMOS MOITO SOBRE ESTES ANIMAIIS E ATA FIXEMOS UN.



NO SEGUNDO INVESTIGAMOS SOBRE O UNIVERSO PARTINDO DO CONTO A QUE SABE A LÚA, ESTUDIAMOS A AMSTRONG E FIXEMOS UN COHETE. ¡MIRADE QUE BONITO!





E NO TERCEIRO ESTAMOS TRABALLANDO O PROXECTO: RECONTAMOS CONTOS DENDE O CONTO OS TRES PORQUIÑOS. PARA ISO ESTAMOS FACENDO UN MURAL E TAMÉN CADA NENO FIXO UN PORQUIÑO.





## CARTA A KAILASH SATYARTHI

En maio o Premio Nobel da Paz, Kailash Satyarthi, deu una conferencia en A Coruña e nos aproveitamos a ocasión e enviámoslle a seguinte carta:

Carballo, 24 de Abril de 2015

Estimado Sr. Kailash:

Somos uns nen@s de 4º de Educación Primaria e opinamos como vostede. Cremos que os nen@s, ao menos ata os 18 anos, non deberían traballar. Pero se traballasen queríamos que fose na ESCOLA.

Puxémonos nos seus lugares, e a nós gústanos xogar e aprender. Aínda que algúns nenos pensen que a escola é un encordio, é todo o contrario, temos sorte!!!

Opinamos que os nen@s, como nos, non deberían traballar, nin os maiores deberían vender o esforzo dos nen@s invertido en cousas baratas.

Necesitamos o esforzo de todo o mundo para que os neno@s deixen de traballar e teñan unha vida social.

Nos comprometémonos a informar á xente que poidamos de se son conscientes de que algunhas prendas, zapatos, diademas, etc, son fabricados por nen@s.


Confiamos en ti que poidas acabar coa explotación infantil.

Sabemos que se che axudamos, aínda que sexamos poucos, mellorara a explotación . Por iso podemos parala, contigo podemos.

Intentaremos que os máis ricos donen diñeiro cada semana, que a xente dea roupa, xoguetes, material, etc.

Que os que poidan miren e axuden a que estos nenos teñan un profesor ou unha profesora.

Un saudo e sorte.





## DÍA DE PRAIA



Fomos en bus ata Razo para andar pola praia a Baldaio.

Atopamos e apañamos moitas conchas, unha boia dun barco, un peixe morto.

Vimos paxaros, pegados e un barco. Pescando ao lonxe.

Merendamos nas dunas, onde tamén aprendimos os nomes das plantas: grama mariña, fexo, leiterena e cebola das gairotas.

Tamén aprendimos que antes sacaban camiións de areia da lagoa para facer casas en A Coruña.

Pasámola moi ben!





# AULA DE 4 ANOS


NESTE EXEMPLAR DA REVISTA QUEREMOS AGRADECER AS DONACIÓNS DAS FAMILIAS QUE SE REALIZARON NO NADAL. AQUI VOS DEIXAMOS UNHA PEQUENA MOSTRA DA SOLIDARIEDADE NA AULA DE 4 ANOS.







# OS NÓSOS PROFFES












Alumnos de 1<sup>o</sup> EP





OS NENOS E NENAS DA CLASE DE 3 ANOS XA SABEMOS DEBUXAR AOS NÓSOS COMPAÑEIRAS/AS E ESCRIBIR O SEUS NOMES;

MIRADE QUE BEN O FACEMOS!





PEQUENOS VERMES QUE NO REMATE DO CURSO SERÁN BOLBORETAS!!

NA AUAL DE 4 ANOS TEMOS UNS PEQUENOS AMIGOS QUE ALIMENTAMOS TÓDOLOS DÍAS CON “FOLLAS DE MORERA” QUE NOS TRAE A PROFE. POLO MOMENTO AÍNDA SON PEQUENOS, PERO ESTAMOS DESEXANDO QUE SE ENVOLVAN NO “BOTÓN DE BOLBORETA” E SE TRANSFORMEN EN FERMOAS BOLBORETAS.






DURANTE ESTE CURSO 2014/15 TRABALLOUSE NO C.E.I.P GANDARA SOFÁN A CIENCIA. NA AULA DE 4 ANOS APRENDEMOS COUSAS SOBRE **NICOLE REINE** , QUE INVESTIGOU OS **ECLIPSES SOLARES** , E TAMÉN FIXEMOS **QUEIXO**. FOI UN BONITO EXPERIMENTO CO QUE APRENDEMOS QUE O VINAGRE PERMITE ROMPER AS PROTEINAS DO LEITE, CAMBIANDO O SEU PH, O QUE FAI QUE UNHAS PROTEINAS PRECIPITEN (O QUEIXO) E OUTRAS NON.

## FACEMOS QUEIXO!

### 1. POÑEMOS O LEITE NUN VASO.



### 2. QUENTO O LEITE NO MICROONDAS.

### 3. POÑEMOS O LEITE QUENTE NUN PRATO

### 4. ENGADO VINAGRE PARA CORTAR O PH DO LEITE.



### 5. FILTRO O QUEIXO E OBSERVAMOS O RESULTADO FINAL DO NOSO EXPERIMENTO!



### 6 .ELABORAMOS O LIBRO QUE RESUME O PROCESO.





**Os de 2º de E.P. presentamos á nosa madriña...**

Jane Goodall

A clase de 2º ten unha madriña que se chama Jane Goodall.

É unha científica que naceu en Londres no ano 1934. Viaxou a Africa a observar o comportamento dos chimpancés salvaxes e descubriu que utilizaban ferramentas como os humanos. Con este descubrimento, as observacións sobre a conduta, a cara, a intelixencia e as emocións revolucionaron a bioloxía.

En 1977 creou o instituto Jane Goodall que ten oficinas en moitos países do mundo, incluído en España. Recibiu o premio príncipe de Asturias.

~~Karla~~ ~~Diego~~ ~~Raúl~~ ~~Stela~~ ~~Jonathan~~  
~~Doni~~ ~~Juan~~ ~~Bertha~~ ~~Nicolás~~  
 Sergio





# OS DA CLASE DE 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL

## EXPLICAMOS OS NÓSOS EXPERIMENTOS...



**EXPERIMENTO:** Electricidade estática con globos. **Infantil**

**Materiais:**

- + Globo
- + Fregamos de papel ou cartón
- + Peda de cabelo de algúen
- + a o pelo dunha comi-
- + S-A de gomas) e gombo de pelo

**Proceso:**

- 1º Fregamos o globo
- 2º Aproximamos a unha unha
- 3º Aproximamos o globo a unha unha
- 4º Fregamos o mesmo con papel (o papel pégase ao globo)

**Explicación científica:**

O globo cargado de electricidade positiva negativa e se achega aos obxectos que se achegan aos corpos positivos de onde se atraen. Como os corpos positivos se atraen, os obxectos positivos se atraen unhas coas outras.



**EXPERIMENTO:** Anclamos un globo sen que saia. **Infantil**

**Materiais:**

- + Globo
- + celo ou cinta adhesiva
- + Chincheta ou compa

**Proceso:**

- 1º Anclamos un globo pegamos celo ou
- 2º Pegamos celo de cinta adhesiva en forma de asterisco no globo
- 3º Anclamos un obxecto fumeante (compas ou chincheta) e varamos no centro do asterisco fumeante
- 4º Varamos o que sucede

**Explicación científica:**

Se pinchamos preto do nó ca do 'ai' onde a membrana está menos estirada o globo non ten porque explotar. O globo non explota pola presión nin somente por ser atraxado.



**EXPERIMENTO:** Inflamos un globo con bicarbonato e vinagre. **Infantil**

**Materiais:**


- + Globo
- + Botella de plástico
- + Vinagre
- + Bicarbonato
- + Gazo de protección

**Proceso:**

- 1º Botamos vinagre dentro da botella
- 2º Botamos bicarbonato dentro do globo
- 3º Colocamos o globo na boca da botella
- 4º Damoslle a volta ao globo e exp. ramos para ver o que pasa.

**Explicación científica:**

O vinagre (ácido) e o bicarbonato (base) refen unha reacción química e producen auga (H<sub>2</sub>O) e dióxido de carbono (CO<sub>2</sub>). O CO<sub>2</sub> forma burbujas que son as que fan que se inche o globo. Cando se rematan as burbujas, a reacción remata.



**EXPERIMENTO:** Controlamos como se infla un globo se o aire para ou non. **Infantil**

**Materiais:**

- + Globos
- + Un tubo ou similar
- + Unha corda

**Proceso:**

- 1º Atamos o cordel no medio e medio do tubo
- 2º Colocamos os globos nun extremo
- 3º Vemos o que pasa cos dous globos inchados
- 4º Desinflamos un dos globos e vemos o que pasa.

**Explicación científica:**

Cando colocamos os globos nun extremo do tubo, a forza de atracción que se crea no lado onde está o tubo inflado. Así comprobamos que o aire ten a capacidade de ocupar volume.





# VISITA A CARBALLO

O martes 12 de maio fomos a Carballo para celebrar a semana do libro. Fomos os de 1º e 2º a ver unha exposición sobre a ciencia, con traballos feitos polo alumnado de todos os colexios. Había experimentos como o do ciclo da auga, murais e libros. A continuación vimos unha obra de teatro chamada "A guerra dos números", e os actores chamábanse Lucia Aldas e Maria lado co seminario permanente de JAZZ, trio de Pontevedra. E foi moi divertido!

2º BRATIS  
EP E  
DANI







# CONSTRUIMOS UNHA NAVE ESPACIAL

Gabriel Pensado Felípez

(6º Primaria)

## Paso 1

Miramos as pezas que precisamos:

- 30 triángulos AAB
- 10 triángulos de BBB
- 10 cadrados B

A= lado do triángulo que mide 26,5 cm .

B= lado que mide 30,5 cm .

Comezamos facendo os 30 triangulos deixandolle unha solapa de 3 cm.

## Paso 2

Facemos rectángulos de reforzo para unir as figuras que son cadrados e triángulos .

Medidas: 28 cm x 10 cm

## Paso 3

Comezamos facendo o molde do cadrados.


O cadrado mide 30,5 cm e a solapa 3 cm .

Temos que facer dez .

## Paso 4

Comezamos facendo 10 triangulos BBB

que nos faltaban con solapa 3 cm






### Paso 5

Comezamos cos 30 triángulos que xa estaban cortados e unímolos de 5 en 5 pegándoos polo lado que mide 26,5 cm. Forman un pentágono pero non queda plano.



### Paso 6

Unimos 5 pentágonos utilizando os triángulos equiláteros deixando unha abertura para porta e outra para unha fiestra .



### Paso 7

Colocámoslle o hexágono que nos quedou no teito e unimos os cadrados na parte de abaixo deixando a porta libre



### Paso 9

Pintamos de cores e colocámoslle os reforzos .





## CARITAS DE S<sup>☺</sup>FÁN

Ao empezar o curso estabamos nerviosos porque non nos coñecemos, porque estudiamos en cols distintas, despois comezamos a ser amigos.

Traballamos e estudiamos moito para aprender e pasar de curso. Foi un pouco difícil.

Tambén fomos de excursión:

- Á lonxa de Muros e a ver un muíño marítimo.

- Á praia de Razo-Baldío a camiñar e ver as dunas, a flora e a lagoa.

- A Santiago, a Meteogalicia para ver un globo meteorolóxico, e ao museo MUPEGA, para ver como eran as aúlas no pasado.

- Fomos o teatro ao Pazo para ver un musical, e tamén facer un obradoiro.

- Fomos ao zoo de Marcella para ver animais.

- Ahhh! esquecíanmonos de que ganáramos o premio do Concurso da ONCE, na base provincial. Unha mochila!!





# Estes/as somos nós no curso 2014-15...



**4º DE EDUCACIÓN INFANTIL**



**5º DE EDUCACIÓN INFANTIL**



**6º DE EDUCACIÓN INFANTIL**



**1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**



**2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**



**3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**





4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA



5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA



6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

E aquí  
estamos  
en Marcelle...





SEGUIMOS EXPERIMENTANDO en 3º de E.P.

Na clase de ciencias naturais, comprobamos que a auga sobe polo talo mediante os vasos conductores, realizando un sinxelo experimento:

Engadimos unhas gotas de tinta vermella nun vaso con auga, noutro vaso tinta morada e noutro vaso tinta rosa ( por exemplo) ( serve colorante alimentario ou tinta de rotulador). Introducimos o caraveis brancos en cada vaso e os deixamos unhas horas. Qué é o que pasa? Que os caraveis mudan de cor, xa que a pranta absorbe a auga, esta sube polos vasos conductores do talo e chaga ós pétalos





**Jorge Mira**, catedrático de electromagnetismo da USC , nacido en Baio en 1968, visita ao CEIP. Gandara Sofán . Tamén foi presentador de numerosos programas de televisión e radio, entre eles, Cifras e Letras.

### As nenas e nenos de 6º fixémoslle a seguinte entrevista.

**José:** Dende cando che gusta a Ciencia e a Física ?

**Jorge Mira:** Non hai un día nin un ano en concreto, vai saíndo pouco a pouco, e cando tiña a vosa idade xa me gustaba a ciencia. Como hai nenos que lles gusta dar patadas a un balón, a min gustábame a ciencia.

**Lucas:** Por que se che ocorreu medir a temperatura do ceo e do inferno?

**Jorge Mira:** Porque nun país chamado USA, hai xente que cre que o que sae na Biblia, o de Adán e Eva, é verdade. Algúns fixémoslle a broma, e calculamos a temperatura do ceo e do inferno. Isto é, para que vexan, que é unha tontería tomarse ao pé da letra certas cousas que saen na Biblia.

**Lucas:** Cantos graos había ?

**Jorge Mira:** No ceo 232°C e no inferno 444°C.

**Fabián:** Cando eras pequeno querías dedicarte á ciencia?

**Jorge Mira:** Cando era pequeno non sabía a que quería dedicarme. Quería ser astronauta. Futbolista non quería ser. Non coñecía ningún científico, o único que coñecía eran as profesións típicas do rural.

**Iván:** Cando gañaches o teu primeiro premio da ciencia ?

**Jorge Mira:** O primeiro que gañei foi polo traballo da Tese de doutoramento. Despois gañei outro da Sociedade Española de Física no 1995.

**Uxía:** Dos programas de TV e Radio que fixeches, cal foi o que máis che gustou?

**Jorge Mira:** Todos tiveron o seu chiste. Onde mellor o pasei foi no Cifras e Letras, porque era un programa moi fácil de facer. Había outros que me gustaban, pero daban moito traballo.

**Gabriel:** No teu primeiro programa da tele puxécheste nervioso?





**Jorge Mira:** Moito. Foi nunha cadea de televisión chamada Televisión Española. Era o ano 1999. Había público e comecei a suar moitísimo.

**Raúl:** Es tan famoso no resto do mundo como en Galicia?

**Jorge Mira:** Non, no resto de España non me coñece ninguén. Soamente a xente do meu traballo. Coñécenme máis en Sudamérica, curiosamente, porque a televisión de Galicia vese moito en Brasil, México, Arxentina ... Pola miña sorpresa coñécenme en Bos Aires, Río de Janeiro, México .

**Joel:** Visitas moitos coles dando cursos ou charlas sobre ciencia?

**Jorge Mira:** Colexios poucos, institutos si. Este ano é o primeiro que visito. Para min os colexios son moi difíciles.

**Pablo:** Plantexácheste algunha vez deixar a ciencia?

**Jorge Mira:** Non, porque é o que me gusta.

**Noa:** Escribiches un libro, saíches en programas de televisión e radio, gañaches moitos premios...Cal é o teu próximo obxectivo?

**Jorge Mira:** Obxectivos moi grandes non; teño traballos pendentes para facer, visitas de premio Nobel, ideas de TV ... os meus obxectivos son moitos e a prazo dun ano.







## HANSEL E GRETEL

### **OBRA DE TÍTERES ADAPTADA PARA REPRESENTAR POR 6º DE E.I. NO CURSO 2014/15**

**Narrador:** Hansel e Gretel vivían no campo nunha pequena cabana co seu pai, un pobre leñador e a súa madrastra.

**Pai:** Que che pasa?

**Madrastra:** Os nenos están durmindo. Temos que falar.

**Pai:** Sobre que?

**Madrastra:** Non temos comida para todos. Temos que levar os nenos ó monte e deixalos alí.

**Pai:** Non farei iso. Son os meus fillos e alí corren perigo.

**Madrastra:** Entón imos morrer os catro.

**Narrador:** Ela insistiu tanto que finalmente o leñador acabou aceptando.

Pero mentres que os pais falaban, Hansel e Gretel non durmían e escoitaron todo o que falaban os pais.

**Hansel:** Non chores irmanciña. Teño unha idea para atopar o camiño de volta.

**Narrador:** Á mañá seguinte, foron os catro ao bosque e a madrastra dícolles...

**Madrastra:** Este pan é para a hora de comer. Non o comades agora.

**Hansel e Gretel:** Non o faremos!!!

**Narradora:** Mentres camiñaban, Hansel ía tirando anacos de pan para atopar despois o camiño de volta á casa. E cando chegaron ao medio do bosque, a súa madrastra dícolles aos nenos...

**Madrastra:** Quedade aquí nenos, que dentro dun anaco nós volveremos a buscarvos.

**Narrador:** Hansel e Gretel obedeceron e quedaron alí ata a noite. Pero entón decidiron volver seguindo as migas de pan.

**Hansel:** Vamos Gretel. É a hora de atopar o noso camiño á casa.

**Gretel:** Temos que buscar as migas de pan.

**Hansel:** Eu non atopo ningunha. Imos ter que durmir aquí no bosque.





**Gretel:** Seguro que nesta cova que hai aquí, estaremos seguros.

**Narrador:** Estiveron alí uns cantos días ata que xa non aguantaban máis coa fame. Sairon buscar comida polo bosque e viron ao lonxe unha casa pequena.

**Gretel:** Acerquémonos alí a ver esta casa de chocolate e gominolas. Ten unha pinta deliciosa.

**Narrador:** Entón unha bruxa abriu a porta e invitounos a pasar.

**Bruxa:** Pasade pobriños. Seguro que estades mortos de fame.

**Gretel:** Non creo que debamos pasar Hansel.

**Hansel:** Que mal nos vai facer? É unha señora boa. É coma se fose a nosa avoa.

**Bruxa:** Podédesvos quedar o tempo que queirades. Eu vivo soa. Vouvos ter que preparar comida, que estades moi delgados.

**Narrador:** Os irmáns quedaron a vivir coa bruxa. Pero Hansel empezou a sospeitar que a bruxa quería algo malo.

**Hansel:** Gretel, temos que escapar daqui. Esta señora quérenos engordar para logo comernos.

**Gretel:** Que medo!

**Narrador:** A bruxa escoitou dende detrás da porta, como falaban os nenos e dícolles....

**Bruxa:** Metédevos no forno! Vouvos cocinar e comer agora mesmo!

**Gretel:** É moi pequeno. Nós non collemos nel.

**Bruxa:** Que vai ser pequeno. Ata eu collo dentro del.

**Narrador:** Entón a bruxa meteuse no forno e rapidamente Hansel e Gretel pecharon a porta e deixárona alí pechada.

**Hansel:** Vamos, hai que fuxir!

**Narrador:** Hansel e Gretel correron e correron con todas as súas forzas para escapar da bruxa.

**Narrador:** Logo andiveron durante dous días e por fin chegaron á cabana do pai.

O pai estábaos esperando moi arrepentido polo que fixera.

**Pai:** Perdoádeme fillos. Nunca máis volverei cometer este erro.

**Narrador:** A muller marchou da casa e dende aquel día, os tres viviron xuntos e felices para sempre.

FIN





## POESÍAS

Os nenos/as de Cuarto encántanos facer poesías con retrouso (estrebillo) e aquí vos deixamos algunhas das nosas creacións.

### ◉ PAXARIÑO

Un paxariño  
que por alí pasaba,  
que bonitiño  
que se marabillaba.

O paxariño, que bonitiño  
na primavera será o primeiriño.

A primavera xa chegou  
os paxariños pían e pían,  
a chuvia parou e o verán comezou  
os paxariños dicían ...

O paxariño, que bonitiño  
na primavera será o primeiriño.  
(Laura, María, Noemí e Jesús Manuel)

### ◉ CORES

As cores son moi bonitas  
e sobre todo varían bastante.  
As cores fan moitas patiñas  
E aumentan ao instante.

Azul, fucsia, laranxa e negro mate!  
cores, cores son moi variadas!

Pódese facer varias manualidades  
como pintura de soprado  
e non paredes,  
gústannos as cores do xeado.

Azul, fucsia, laranxa, e negro mate!  
cores, cores son moi variadas!  
(Sara, Uxía, Jorge e Sergio)

### ◉ ESPAZO

O espazo é paralelo  
ao igual que moi amarelo,  
parece un gran caramelo  
na boca dun pequeno neno.

Suspira, suspira, suspira,  
suspira, que aquí non hai vida.

Se queres chegar  
nunha nave tes que montar  
para poder explorar  
e na lúa poder voar.

Suspira, suspira, suspira,  
Suspira, que aquí non hai vida.  
(Roi, Brian, Joel e Brais)

### VEÑA XA QUE HAI COUSAS QUE EXPLORAR!!! (RAP)

Con A, África, imos xa,  
a plantar terras secas sen parar.  
Co E, España, imos que vos vai encantar  
fritos secos a cultivar.

África, España, Madrid  
Cantabria, imos explorar.

Co I Madrid, sevillanas aquí  
viño branco e infantil, sevillano por aquí  
co C Cantabria, tírate na gaiola  
leóns, continentes, paxaros e búfalos.


África, España, Madrid  
Cantabria, imos explorar.  
(Nerea, Antía, Asier, Iván e Daniel)






# EU QUERO SER ...

Chámome Claudia,  
gustaríame ser peruqueira  
e cortar o pelo a quen queira.




Eu son Aisha  
e quero ser cantante  
para poder cantar  
polo mundo adiante.

Eu son Diego,  
de maior quero ser tratante  
e plantar nas terras  
que estean á miña vista.



Chámome Zaira  
e de todas as futbolistas,  
seré a máis lista.

Eu son Paris  
e de maior quero ser  
o mellor porteiro  
do mundo enteiro.





Eu son Estela,  
maquilladora quero ser  
para as menas, quapas poñer.



Chámome Elói,  
e futbolista quero ser  
para moitos goles meter.


Son Nerea,  
e veterinaria quero ser  
para os animais querer.



Eu son Alexia,  
e quero aprender papiroflexia  
para poder facer  
bonecos de papel.



Chámome Paula,  
profesora de ximnasia quero ser  
e cos nenos saír a correr.



Eu son Kevin,  
e gustaríame ser  
entrenador de maior.



Alumnos de 1º EP





# DAMOS A BENVIDA AOS COMPAÑEIRO/AS DO ANO QUE VÉN

Queridos compañeiros:  
 Queremos darvos a benvida a 3º de Ceip-Gándara-Sofán. O primeiro día presentaremonos, axudaremonos e seremos moi bos amigos. Xogaremos con vos, imos a ensinarvos o cole enteiro e os profesores van a axudarvos. Estamos moi ilusionados porque veñades ao Ceip-Gándara-Sofán.

Firmado:

Yago Usua Diego  
 Iñaki  
 Raül  
 Iñaki  
 Brais  
 Nicolás  
 Sergio  
 Iñaki  
 Iñaki






NÓS SEREMOS OS VOSOS COMPAÑEIRO/AS O PRÓXIMO ANO.





# CLASE DAS ESTRELAS...



Samuel



Martina



Irene



Helena



Cristian



Luisma



Alba M<sup>ª</sup>



Sabela



Laura R.



Carlos



Laura G.



Salma




Iker




Marcos



Ismael



ISABEL



Xa rematamos a Educación Infantil e estamos preparad@s e con ganas de comezar a Primaria. Ata pronto!!





## A FAREWELL TO GROUP 6

---

Students of group 6 are going to Secondary School, so before leaving we asked some questions to know a bit more about them.

**Question 1: What's your favourite book?**

**Question 2: What's your favourite sport?**

**Question 3: What's your favourite food?**

**Question 4: What's your favourite movie?**

**Question 5: What do you like doing in your free time?**

**Question 6: What do you want to be when you grow up?**

**Question 7: Where would you like to travel?**

Let's read their answers:



**JOSEPH**

- |                                      |  |
|--------------------------------------|--|
| 1. Tom Gates, festival of brilliance | 5. Playing the guitar, skateboarding, surfboarding |
| 2. Football and surf                 | 6. Firefighter or policeman                        |
| 3. Chips                             | 7. Barcelona, Paris, New York and Hawaii           |
| 4. Home Alone 2                      |  |



**UXIA**

- |                                     |   |
|-------------------------------------|---|
| 1. The boy with the striped pyjamas | 5. Riding a bike, swimming, rollerskating, listening to music |
| 2. Volleyball                       | 6. Teacher or forensic surgeon                                |
| 3. Spaguetti with tomato            | 7. New York, Malta, Venice, London and Hawaii                 |
| 4. Blended                          |   |







**IVAN**

1. Greg's diary
2. Football and cycling
3. Clams and barbecued steak
4. Fast & Furious 7
5. Listening to music, cycling and being with my friends
6. Architect or gamekeeper
7. Ireland, Venice, Morocco, Barcelona, Madrid, Malaga




**NOA**

1. Charlie and the chocolate factory
2. Volleyball
3. Pizza
4. The Dark Knight
5. Watching Manga cartoons and series and listening to music
6. Vet or pharmacist
7. Japan, China or Australia



**JOEL**


1. Greg's diary
2. Football
3. Octopus
4. Pompeii
5. Playing football and chess
6. Policeman
7. Tanzania



**PAUL**

1. From the mechanic orange to God's hand
2. Football and basketball
3. Clams
4. The Hangover (Las Vegas)
5. Playing football or basketball and listening to music
6. Waiter
7. New York (I want to go to the Madison Square Garden)





**RAUL**

1. Mortadelo and Filemon: the mercenaries
2. Football
3. Chips
4. Fury
5. Playing football
6. Football player
7. Morocco, Madagascar and Australia




**LUKE**

1. Geronimo Stilton: time travel 4
2. Football
3. Pancakes
4. The Shawshank Redemption
5. Swimming and playing the piano
6. Astronaut
7. The outer space and Japan



**FABIAN**

1. Tom Gates: festival of brilliance
2. Football
3. Chips
4. Man of Steel
5. Playing chess and riding a bike
6. Football player
7. London, Switzerland, Paris, Malaga



**GABRIEL**

1. Tom Gates
2. Football
3. Chips and octopus
4. 101 Dalmatians
5. Being with the animals
6. Priest or vet
7. Valence, Majorca, Switzerland, the Canary Islands and Asturia





# Evaristo, un gran gaiteiro

Con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, Evaristo, o avó da nosa compañeira de 3º Eva, veu a darnos una pequena charla sobre as gaitas e a súa fabricación.

Os reporteiros de 5º aproveitamos a visita para facerlle unha pequena entrevista.



Ola, boas tardes Evaristo, moitas grazas por vir. Se é tan amable gustaríanos facerlle algunhas preguntas para saber algo máis da súa vida e da súa profesión.

Sabemos que vostede traballa fabricando e tocando gaitas.

- **Cántos anos leva tocando a gaita?**
- *Era un rapaz pequeniño cando aprendín.*
- **Cal foi a primeira canción que tocou coa gaita?**
- *Non me acorda. Sería "Arado de ferro", "Carro con bois" ou "Sacho traémolo nós". Eran cancións máis antigas que as de agora.*
- **Quen lle ensinou a tocar?**
- *Pois ao lado da nosa casa había un gaiteiro moi bo, que lle chamaban Jesús Pena Bolón. E enseñábame. A el dáballle gusto ensinarme, e eu, en vez de ir brincar ía alí a estar con el.*
- **Toca algún outro instrumento?**
- *O acordeón, pero aínda vou a aprender a tocar. Xuntámonos uns 15 ou así que imos a aprender, pero todos da miña idade máis ou menos. Pero así é todo é máis malo de aprender e tocar que a gaita.*





- **Temos entendido que tamén cantaba nas festas. Actualmente canta?**
- *Hai unha temporada que non. Estiven algo enfermo e o médico non me deixa ir tocar ás romarías, pero cantar si; vou cantar ao coro, onde son o máis veterano de todos, o que máis tempo leva, sobre 48 anos.*
- **A qué anos comezou a fabricar gaitas?**
- *Cando tiña 20 anos ou así.*
- **Quen lle ensinou a fabricalas?**
- *Meu pai, que xa as facía antes ca min. El xa tiña medidas e cousas así, ferramentas...*
- **Que madeira se precisa para fabricar gaitas?**
- *Madeira de buxo, ou unha que vén de Brasil que chámanlle "rochiños", que é dura coma un raio e queda cunha cor moi oscura e bonita.*
- **Qué tela se usa para o fol?**
- *Por dentro levan unha tela que non deixa que lle escape o aire, antes facíanse de goma.*
- **Qué ferramentas utiliza para fabricar gaitas?**
- *Pois trenchas, barrenas, machetes, etc.*
- **De qué tamaño se poden fabricar? Pódense facer a medida?**
- *Hai varios tamaños: pequeniñas para os rapaces e despois hai outros tipos que unhas tocan máis delgado que outras. Así coma os homes e as mulleres que tocan máis delgado que os homes. Non soen facerse a medida, porque senón non ditan as voces co son.*





- Fabricou algunha gaita para alguén de fóra de Galicia?
- *Teño feito si. Onde máis fabricaba era para A Coruña, Santiago, Ordes, onde fixen miles de elas. Pero tamén para Montevideo, onde ía moitas veces tocar a "Orchestra Compostela" e lles levaba gaitas para os gaiteiros de alá, tamén en Buenos Aires.*
- **Gustoulle visitar o noso colexio?**
- *Si. gustoume. Ademais teño aquí a Eva, a miña neta; pero tamén tiven aquí estudiando ás miñas dúas fillas: a Ana e María e as miñas netas Ana e María.*
- **Gustoulle como cantamos a canción da Carolina?**
- *Si. E despois pegastes unha brincadura despois... jejeje.*

*Aquí remata a entrevista, esperamos que lle gustase e que nos volva a visitar noutra ocasión. Moitas grazas.*





# ARTISTAS DE SOFÁN

Ao longo do curso 2014-15, moitos dos alumnos/as do centro que comen no comedor escolar, quixeron colaborar na mellora e decoración do centro escolar. Dedicaron moito do seu tempo de descanso para que todos e todas poidamos traballar nun lugar máis acolledor...

Moitas grazas!!



Tamén César, un exalumno do centro quixo colaborar cunha obra propia.

GRAZAS!!





## DESPEDIDA

As nenas e nenos de 6º rematamos a nosa aventura no cole.  
Marchamos para o instituto, pero nunca poderemos esquecer a nosa etapa no C.E.I.P. Gándara-Sofán.



Eu sempre recordarei os  
bos e malos momentos  
que pasei neste cole



Sempre levarei no meu corazón  
aqueles profesores que me  
axudaron a min e aos meus  
compañeiros. Tamén recordarei  
os fermosos e inolvidables  
momentos divertidos.



Sempre recordarei o  
bo ambiente que  
houbo na clase.




Non olvidarei aos  
profesores e as nenas e  
nenos deste colexio,  
porque me gusta estar  
con eles. Adios, un bico e  
unha aperta a todas e  
todos.





Sempre me acordarei dos momentos dos malos nos partidos de fútbol do recreo.



Ola! Gustome moito este colexio, sobre todo os meus compañeiros. Bueno...xa nos veremos no instituto!




Nunca olvidarei aos boísimos profesores e compañeiros que me fixeron pasar momentos inolvidables, e como non, ao noso conserxe David.



Sempre recordarei aos profesores que xa non están no cole, como aos deste ano. Tampouco olvidarei aos meus compañeiros.

Sempre me cordarei dos meus compañeiros e das trasnadas que fixemos!!!



O mellor de todo foron os profesores e profesoras que tiveron desde que comecei o cole ata que acabei.

Grazas por todo!!!



ATA SEMPRE!!!







# PASATEMPOS

## SOPA DE LETRAS DE PLANETAS


- JUPITER
- MARTE
- MERCURIO
- PLUTON
- SATURNO
- TIERRA
- URANO
- VENUS

L	M	A	R	T	E	D	N	M	T
Q	G	R	H	B	O	Y	Ñ	A	P
T	U	J	Ñ	V	E	N	U	S	X
N	O	T	U	L	P	M	A	J	V
O	I	R	U	C	R	E	M	R	Y
D	T	I	E	R	R	A	E	T	U
E	O	K	O	N	R	U	T	A	S
U	U	T	R	E	T	I	P	U	J

kokolikoko.com

## ENCrucILLADO DE FROITAS

# FROITAS



### Horizontal

- 2. NACE NA PEREIRA
- 4. VEN DE CANARIAS
- 6. NACE NA MACEIRA
- 7. CON ELA FAISE O VIÃ'O

### Vertical

- 1. POR DENTRO BRANCO, POR FORA AMARELO E
- 3. EN CASTELÃN FRESA
- 5. FAISE CON ELA UN ZUME RICO





UNE OS DEBUXOS DE ANIMAIS CO SEU NOME

león      cebra      can      touro



xirafa      gato      serpe      oso

UNE LOS PUNTOS



SORPRESA, SORPRESA  
O NOSO  
SAPOCONCHO TAMÉN  
PARTICIPA





# Os chistosos de 5º

En la En clase de informática, el profesor le pregunta a un niño:  
- ¿Juanito por qué pones el ordenador en la ventana?  
- Para tener Windows vista.

-Tere ¿Por qué no quieres ir a la peluquería?  
- Porque tienen una crema que te quita diez años, y yo solo tengo seis.

-Policia, hay dos mujeres que se están peleando por mí!  
-¿Y qué problema hay?  
-Pues que va ganando la fea!

El electricista va a la sala de unidad de terapia intensiva de un hospital. Mira a los pacientes conectados a diversos tipos de aparatos y les dice:  
-Respiren profundo. ¡Voy a cambiar un fusible!

-Profe, ¿verdad que no se debe castigar a un niño por algo que no ha hecho?  
-Claro que no, Menolito.  
-Pues no me castigue porque no he hecho los deberes.





En clase de lengua, el profesor le pregunta a una niña sobre los tiempos verbales;

- Vamos a ver, Pablito. ¿Me puedes decir que tiempo es llovía?

Pablito contesta:

- Un tiempo malísimo.

Le dice Jaimito a su padre:

- ¿Te gusta la manzana asada?

-Sí, es mi comida favorita.

-Pues estas de suerte, el huerto está ardiendo.

Jaimito está en clase, y le dice la profesora:

-¡Jaimito, dime un pronombre!

-¿Quién yo?

-¡Aprobado!

¿Mamá qué haces enfrente de la computadora con los ojos cerrados?

Nada hijo, es que Windows me dice que cierre las pestañas.

Mamá en el cole me dicen que soy muy despistado! niño vete a tu casa.

- ¿Quién es el hijo de Mohamed I?

- Sécame después.





Benqueridos pais e nais:

Remata outro curso escolar, comezan os días de lecer, de celebrar estas vacacións tan agardadas por todos, mais tamén de voltar a vista atrás e repasar o traballo feito.

Por isto, queremos aproveitar esta oportunidade para agradecer a todas as familias que apoiaron o noso traballo, sen a súa achega non sería posible acadar cada obxectivo que nos propuxemos no mes de setembro.

Grazas ao voso soporte neste curso os nosos nenos e nenas puideron desfrutar de actividades extraescolares gratuítas para os nosos socios como Patinaxe, Baloncesto, Xadrez e Iniciación ao Deporte; todas elas en colaboración co Padroado Deportivo do Concello de Carballo; e tamén contamos con cursos que teñen un custo máis baixo para os socios como Inglés, Informática, Baile de Salón e Baile Moderno; todas elas cunha alta participación e con excelente aceptación por parte de todos vós.

Contamos ademais cun seguro civil obrigatorio cuberto na súa totalidade pola ANPA sen que os socios teñan que facer unha achega económica aparte.

Logramos tamén financiar na súa totalidade o custo da excursión de fin de curso a todos os nosos socios/as o cal nos comprace fundamentalmente porque é, sen dúbida, un logro de todos sen excepción.

En cada novo curso tentamos dar cobertura con novas actividades que poidan ser do interese común e o máis importante, ser un instrumento que recolla as vosas demandas e atender ademais as necesidades de mellora no propio centro colaborando en todo momento co persoal docente e a dirección.

Neste sentido centramos a nosa atención no acondicionamento das instalacións deportivas dado que no vindeiro curso o ximnasio estará destinado a ser compartido co servizo de comedor ante o aumento de nenos e nenas usuarios de este servizo, por tanto fixemos chegar ao Concello a necesidade de mellorar as instalacións do pavillón, dotar dun novo espazo de almacenamento e contar con vestiarios que cumpran as condicións de uso por parte do alumnado.

Deste xeito o pavillón poderá ser utilizado en calquera momento e para todas as actividades físicas nunhas condicións axeitadas de illamento, mellora do solo e peche; a nosa solicitude foi atendida no Concello e temos o compromiso de iniciar estas melloras para o vindeiro curso.

Por outra banda, afrontamos tamén un tema de vital importancia para moitas familias e que precisaba da nosa atención como é a implantación da xornada única no noso centro.

Unha demanda de hai moitos anos mais que, en cada ocasión que se solicitou a través da dirección do centro, a resposta da Consellería foi negativa dada a inviabilidade do





informe de Transporte; por este motivo iniciamos o proceso de consulta para coñecer a vosa opinión.

Na actualidade somos o único centro do Concello de Carballo cunha xornada partida o cal impide en moitas ocasións participar xustamente das actividades organizadas polas administracións que son formuladas en base ao horario da xornada única afectando por tanto á participación dos nosos nenos e nenas nesas actividades por non coincidir co noso horario de entrada; mais tamén afecta negativamente en canto a poder compatibilizar coas actividades do Concello que empezan coincidindo co noso horario de saída.

Consideramos pois que debiamos iniciar un proceso que dera cabida a todas as vosas opinións e coñecer o sentir de todas as familias para, deste xeito, continuar na demanda de atención sobre esta cuestión por parte da Consellería e acadar unha vía de diálogo que permita acceder en igualdade á opción de implantar dita xornada.

Foi así que convocamos charlas informativas e propuxémosvos a realización dunha enquisa anónima onde quedasen reflectidas as vosas opinións, sen dúbida é un proceso longo que precisa da implicación das familias e o centro, e para iso precisamos coñecer o voso sentir ao respecto.

Continuaremos ao longo do vindeiro curso 2015 – 2016 convocando encontros e charlas onde todos poidades participar para afondar na información e poder acadar o acordo entre todos de seguir adiante con esta demanda.

E tamén continuaremos, xunto a todas as asociacións veciñais de Sofán, na tarefa de recadar os fondos necesarios para adquirir o terreo lindante ao noso colexio para poder contar cunha zona de aparcamento hoxe inexistente e ampliar tamén as instalacións do noso centro, un ben común que sería para todas as familias do centro e todos os veciños da nosa parroquia, seguimos precisando das vosas achegas e agradecemos a todos os que xa aportaron a súa.

Contamos pois coa vosa ilusión e compromiso para obter estes importantes e necesarios obxectivos, que son de todos e precisan de todos.

Non queda máis que dicirvos que as portas da nosa asociación están abertas sempre para calquera cuestión que poidades precisar como familias, mais tamén como parte da nosa asociación que é, sobre todo, vosa.

Unha aperta a todos e todas e boas vacacións!




ANPA RAIANTE CEIP GÁNDARA SOFÁN



# Sumario:

PÁX:

EDITORIAL	2
BIBLIOTECA SAPOCONCHO	3
QUE NON É UN ABURRIMENTO A ESCOLA!!!	7
OBRADOIRO DE TÍTERES	10
ACTIVIDADES DOS NENOS/AS DE 4º E. I.	11
CARTA A KAILASH SATYARTHI	14
DÍA DE PRAIA	15
AULA DE 4 ANOS	16
OS NOSOS PROFES	17
NENOS E NENAS DA CLASE DE 3 ANOS	19
PEQUENOS VERMES QUE NO REMATE DO CURSO SERÁN BOLBORETAS	20
FACEMOS QUEIXO	21
OS DE 2º DE E.P. PRESENTAMOS Á NOSA MADRIÑA: JANE GOODALL	22
OS DA CLASE DE 6º DE E.I. EXPLICAMOS OS NOSOS EXPERIMENTOS	23
VISITA A CARBALLO	24
CONSTRUÍMOS UNHA NAVE ESPACIAL	25
CARITAS DE SOFÁN	27
ESTES /AS SOMOS NÓS NO CURSO 2014-15...	28
SEGUIMOS EXPERIMENTANDO EN 3º DE E.P.	30
ENTREVISTA A JORGE MIRA	31
HANSEL E GRETEL	33
POESÍAS	35
EU QUERO SER	36
DAMOS A BENVIDA AOS COMPAÑEIRO/AS DO ANO QUE VÉN	38
CLASE DAS ESTRELAS	39
A FAREWELL TO GROUP 6	40
EVARISTO, UN GRAN GAITEIRO	43
ARTISTAS DE SOFÁN	46
DESPEDIDA	47
PASATEMPOS	49
OS CHISTOSOS DE 5º	51
ANPA RAIANTE DO C.E.I.P. GÁNDARA-SOFÁN	53



# PORTADAS FINALISTAS NO CONCURSO PARA ELIXIR A PORTADA DESTA REVISTA

Equipo de Dinamización da Lingua Galega (curso 2014-15)